

Convocatoria 2023
**ACTA DO PREMIO JUANA DE VEGA DE
INTERVENCIÓNS NA PAISAXE**

**Categoría de Intervencións Privadas no patrimonio
construído e na súa contorna**

| | |
|------------|--|
| Presidente | Gonzalo Byrne |
| Secretario | Pedro Calaza Martínez |
| Vocais | María Isabel Iglesias Díaz Covadonga Carrasco López Teresa Taboas Veleiro Jesús Sánchez García Encarna Otero Cepeda (excusa su asistencia) Enrique Sáez Ponte |

O Xurado do Premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe, na categoría de **Intervencións privadas no patrimonio construído e na súa contorna**, reúnese na cafetería O Carboeiro, ás 19:45 horas do día 30 de setembro de 2023, despois de visitar as tres obras seleccionadas na reunión do 24 de xullo.

Despois de deliberar, o xurado do Premio toma, por maioría simple, os seguintes acordos:

- 1) Outorgar o Premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe, na súa categoría de intervencións privadas no Patrimonio construído e na súa contorna, a Mol Arquitectura pola súa obra: **Hotel Acouga, Celanova**. O xurado valorou a calidade e sensibilidade da recuperación, a súa integración na contorna e a posta en valor dos elementos construídos. Tamén se tivo en conta a aposta pola sostibilidade, a economía dos materiais, o emprego de madeiras locais e a elaboración tradicional realizada por traballadores artesáns da zona.

Tal e como recolle o Convenio Europeo da Paisaxe, as paisaxes cotiás, incluídas as urbanas, son clave para a maior parte da poboación e a súa calidade debe ser mellorada e conservada. Nese senso, a recuperación deste edificio histórico, de súa composición, cuberta, fachada, carpintería, interiores e integración de materiais, etc. ofrecen unha visión atractiva e unha mellora tanxible da calidade da paisaxe urbana, pois pon en valor a rica historia de Celanova, tanto na súa fronte sobre unha rúa importante, como na súa parte traseira, situada fronte ao xardín do parque do Mosteiro de San Rosendo e a súa capela mudéjar.

- 2) Outorgar un accésit a Manuel Eduardo López Vázquez e a Belinda Yepes Jiménez pola súa obra: **Adega Pedro Leivas, Riotorto**. O xurado valorou a actuación como modelo de inspiración en comarcas similares ao conter un emprendemento empregando os recursos naturais locais. A obra realizada con economía de medios prima a integración da sidrería mediante o emprego acertado da topografía que configura espazos a diferentes niveis, ofrecendo unha

percepción interesante cromática, de texturas e volumes. Valorouse tamén o respecto ás construcións tradicionais e á vexetación preexistente como o gran carballo integrado no peche.

Sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión ás 21.00.

O PRESIDENTE

o SECRETARIO